

Castro da Trindade - Castro de Flores
Mondoñedo – Lourenzá (Lugo)
GA27030022 – GA27027012

Resumo dos feitos

A empresa propietaria da canteira do Monte da Trindade probablemente ocasionou danos irreparables, e de forma xeralizada, nun ben patrimonial catalogado dende 1995.

Malia as denuncias realizadas no 2008, 2016 e 2017, o Servizo de Patrimonio de Lugo non actuou para evitar o avance da canteira, omitindo o seu deber de salvagardar o xacemento e de garantir a súa protección.

A pesar de que existen varios informes arqueolóxicos así como probas materiais que confirman a existencia do xacemento, o Servizo de Patrimonio de Lugo elabora un informe no que xustifica a súa inexistencia ao tempo que solicita a exclusión deste ben patrimonial, xa inventariado e xa catalogado, do preinventario.

O feito de non ter actuado para protexer este sitio arqueolóxico, xunto cos informes e maila solicitude de exclusión do preinventario puideron ser determinantes nos danos sufridos neste ben patrimonial

No ano 2016 chegounos por varias canles a información de que o Servizo de Patrimonio Cultural de Lugo excluía do Inventario Xeral de Xacementos Arqueolóxicos o castro do Monte da Trindade, ou castro de Flores, situado entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá (claves GA27030022; GA27027012). Segundo os informantes, a exclusión do xacemento fixérase de maneira irregular para beneficiar os propietarios da canteira, que seguen destruindo o castro, así como para legalizar as actuacións ilegais realizadas ao longo dos anos sobre este xacemento protexido. Estas actuacións ilegais tivemos noticia de que foran denunciadas no 2008 e no 2016.

Mariña Patrimonio e ADEGA solicitámoslle en varias ocasións información sobre estes feitos ao Servizo de Patrimonio de Lugo, sen obtermos ningún tipo de resposta. Como consecuencia do seu reiterado hermetismo, solicitamos a documentación relacionada cos feitos arriba mencionados, amparándonos na Lei de Transparencia. Ao non obtermos tampouco ningunha resposta, acudimos ao Valedor do Pobo.

Despois de varios requirimentos desta institución para que Patrimonio nos fixese chegar a información que solicitamos, tivemos acceso a ela, aínda que sospeitamos que non se nos entregou toda a documentación solicitada.

Relación cronolóxica da documentación que probaría que o Servizo de Patrimonio de Lugo omitiu o seu deber de salvagardar o xacemento e de garantir a súa protección, a pesar de que coñecía a afectación do xacemento pola canteira.

En abril de 1991 o castro é incluído no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos:

6016A27027012 do concello de Lourenzá
* EXCLUIDO DO INVENTARIO

GA27027012

C.A.	PROV.	CONCELLO	Nº XAC.
GA	27	02	022

CLAVE DE IDENTIFICACION

MES	ANO
04	91

INVENTARIO DE XACEMENTOS ARQUEOLOXICOS

* NOME/S DO XACEMENTO ...: MONTE DA TRINIDADE // CASTRO DE FLORES

* PROVINCIA: LUGO

* CONCELLO: MONDOŃEDO // LOURENZÁ

* PARROQUIA: VILAMOR // Sta. María de Lourenzá

* LUGAR: VILAMOR // Arroxo

COORDENADAS U.T.M. 63550481310

COORDENADAS XEOGRAFICAS

GRACS	MIN	SEG	GRACS	MIN	SEG
43	27	31	07	19	30

Lat. Lonx.

CARTOGRAFIA 024-23

ADSCRIPCION CULTURAL 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11

ADSCRIPCION TIPOLOXICA 2 3 4 5 6 7 8 9

GRAO DE ALTERACION 0 2 3 4

CAUSAS DE ALTERACION 0 3 4 5 6

* NOME E RAZON SOCIAL DO TITULAR:

* ENDEREZO:

DATA INCOACION DIA MES ANO

DATA PUBLICACION DIA MES ANO

DECLARACION BEN DE INTERESE CULTURAL

DECRETO

DATA B.O.E. DIA MES ANO

Ficha do Inventario.

O 22 de febreiro de 1995 publícase no B.O.P. a catalogación do Castro de Flores GA27027012 (Lourenzá).

BIENES CATALOGADOS
INVENTARIO DEL PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO DEL
AYUNTAMIENTO DE LOURENZA
RELACION DE YACIMIENTOS CATALOGADOS

- 1.- GA27027001, MOGO. Sta. María de Lourenzá
- 2.- GA27027002, O CASTRO. Sta. María de Lourenzá
- 3.- GA27027003, O CALVARIO. San Adriano de Lourenzá
- 4.- GA27027004, OS CASTROS. San Xurxo de Lourenzá

54 Núm. 44 - Miércoles, 22 de

- 5.- GA27027005, CASTRO. San Xurxo de Lourenzá
- 6.- GA27027006, O CASTRO DE TACON. Sto. Tomé de Lourenzá
- 7.- GA27027007, PAZO DE TOVAR. Sto. Tomé de Lourenzá
- 8.- GA27027008, O CASTO. Sto. Tomé de Lourenzá
- 9.- GA27027009, AS ESTOLAS. San Xurxo de Lourenzá
- 10.- GA27027010, S. ADRIANO DE LOURENZA
- 11.- GA27027011, O CASTRO. Sto. Tomé de Lourenzá
- 12.- GA27027012, CASTRO DE FLORES. Sta. María de Lourenzá
- 13.- GA27027013, CASTRO. Sta. María de Lourenzá

No ano 2000, nos informes de avaliación do impacto da canteira sobre este patrimonio cultural, o arqueólogo Simón Pena Basso **documenta a existencia do xacemento**. Pola súa parte, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a explotación da canteira, pero excluindo o xacemento e a súa área de protección:

Á vista do *Proxecto de Explotación e Restauración da Concesión 'Virxen da Pena' (Lourenzá e Mondoñedo, Lugo)*, realizado polo arqueólogo D. Simón Pena Basso, estos Servizos Técnicos de Arqueoloxía emiten o seguinte:

INFORME:

- A prospección arqueolóxica permitiu documentar existencia de un xacemento arqueolóxico (GA2703022) e un elemento etnográfico (caleras) no ámbito da explotación, así como tres xacementos arqueolóxicos no seu entorno.
- Os elementos do patrimonio cultural e a súa área de protección deberán ser excluídos da Concesión 'Virxen da Pena' (Lourenzá e Mondoñedo, Lugo).

O FUNCIONARIO
Ascfno.: Roberto Pena Puentes

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Edificio Administrativo San Caetano - Bloque 3 - Teléfono 981 54 54 00 - 15771 SANTIAGO

OBJECTO: Avaliación do impacto sobre o Patrimonio Cultural.

Título do proxecto: *Proxecto de Explotación e Restauración da Concesión 'Virxen da pena' (Lourenzá e Mondoñedo, Lugo)*.

Titular do proxecto: Pizarras Vega, S.L.

Proxecto remitido por: Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente.

Á vista da *Proxecto de Explotación e Restauración da Concesión 'Virxen da pena' (Lourenzá e Mondoñedo, Lugo)* e do *Informe Arqueolóxico*, realizado polo arqueólogo D. Simón Pena Basso, esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural acorda:

Informar favorablemente o *Proxecto de Explotación e Restauración da Concesión 'Virxen da Pena' (Lourenzá e Mondoñedo, Lugo)* coa seguinte cautela arqueolóxica:

- Os elementos do patrimonio cultural e a súa área de protección deberán ser excluídos da concesión 'Virxen da Pena'.
- As conclusións da devandita memoria incluíranse na correspondente Declaración Ambiental.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2000

O DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

O FUNCIONARIO
Ascfno.: Roberto Pena Puentes

Na documentación da Prospección arqueolóxica para a canteira, os arqueólogos da empresa Terra Arqueos S.L. **constatan a existencia do castro** e advirten de que a súa explotación non pode avanzar na dirección do xacemento:

MEDIDAS CORRECTORAS

Yacimientos próximos a la concesión : Cova da Furada dos Cas (GA27030008), Os Castros (GA27030019).

Yacimientos afectados : Monte da Trindade o Castro de Flores(GA27030022).

Lugar de valor etnográfico en la concesión : Caleras de Guillade

Tipo de impacto del frente abierto : “Impacto Compatible”

Medidas correctoras : como única medida correctora es necesario que el frente ya abierto en la zona más al Sur, no avance en esa dirección, donde entra en conflicto con el área de protección de 200 m. del yacimiento GA27030022. De todas formas el avance es ya improbable no sólo por la afección patrimonial sino también por el hecho de que en ese sector, a unos 40 m. del frente, se localiza una línea de alta tensión que impide que prosigan los trabajos extractivos en dicha dirección.

Como hemos explicado en el apartado anterior y como puede verse en los planos adjuntos, si tomamos el conjunto de superficie que se pide con sus coordenadas para la totalidad de la concesión, dentro de la misma encontramos que entra en conflicto directamente por la parte Sur con el *Castro del Monte da Trindade* y su área de protección de 200 m.

No 2006 o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, na súa tese doutoral sostén que “unha canteira comeu case todo o terreo” da zona norte do castro, e achega unha fotografía “da zona antes de que a canteira invadise o espazo”:

(Ver anexo ortofotografías Google 2001, 2002, 2006)

Protohistoria e Romanización na Mariña Lucense: Un exemplo práctico, o Castro de Zoñán

Castro de Flores

Situación	Arroxo		
Parroquia	Lourenzá (Santa María)	Concello	Lourenzá
Mapa	1:25.000, edición de 1998 (24-II)		
Coord. UTM_X	635.700	N	43°27'26"
Coord. UTM_Y	4.813.000	W	07°19'22"
Altitude (m)	283		
Propiedade	Privada.		
Accesos	Por pista dende Arroxo, hai que atravesar a N-634.		
Observacións	Cando se fixo a primeira visita non se apreciou gran cousa, a pesar de que a zona non presentaba case maleza, salvo nas zonas de pendente. Hoxe (ano 2006) unha canteira comeu case todo o terreo desta zona e do outeiro que hai ao norte da referencia. Non se proporcionan perfís posto que o lugar está sumamente alterado.		

Protohistoria e Romanización na Mariña Lucense: Un exemplo práctico, o Castro de Zoñán

Imaxes.



Ilustración 118: Vista da zona antes de que a canteira invadise o espazo.

O 4 de febreiro de 2008 entra no rexistro do concello de Mondoñedo unha denuncia relacionada coa canteira e co xacemento arqueolóxico.


O 5 de febreiro de 2008 o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, informa que o xacemento arqueolóxico está sendo afectado polos traballos da canteira:

INFORMO:

Que o lugar indicado, no que se están a realizar traballos de explotación de canteira a ceo aberto, correspóndese cun xacemento catalogado pola Dirección Xeral de Patrimonio segundo os datos que figuran neste concello gracias a un inventario recibido en maio de 2002 e con rexistro de entrada número 794.

O xacemento figura como “Xacemento do Monte da Trinidad” de tipoloxía “Outros Xacementos” con código GA27030022.

Mondoñedo a 5 de febreiro de 2008


Abel Vigo García
Arqueólogo

O 6 de febreiro de 2008 o arqueólogo Abel Vigo inspecciona o lugar e atopa restos cerámicos, metálicos e óseos de época castrexa entre os materiais do castro remexidos pola canteira:

Resultados.

No transcurso da inspección atopáronse restos cerámicos, metálicos e óseos nas acumulacións de terra laterais dunha pista para vehículos






Ilustración 3: Zona onde apareceron os restos.


Abel Vigo considera que debería suspenderse a actividade da canteira e informar á Dirección Xeral de Patrimonio:



O 6 de febreiro de 2008 o arquitecto municipal de Mondoñedo informa que a canteira se expandiu a terreos non autorizados:



O 6 de febreiro de 2008 o alcalde de Mondoñedo requírelle á empresa propietaria da canteira que exclúan da actividade da canteira a superficie que ocupa o xacemento arqueolóxico e que adopte as medidas necesarias para evitar danos no mesmo. Ademais, comunica os feitos á DXPC:



O 15 de febreiro de 2008 a DXPC envía ao arqueólogo do Servizo de Patrimonio de Lugo, Ignacio Jaime Senín Fernández, para inspeccionar o xacemento. No seu informe, o arqueólogo deixa claro que o sitio está inventariado e catalogado:

Data de inspección: 15 de febreiro de 2008

Elementos

Monte da Trinidad (GA27030022), Castro de Flores (GA 27027012)
Emprazamento Monte da Trinidad, parroquia de Vilamor (santa María)
Concello de Mondoñedo. Lugar e Arroxo, parroquia de Lourenzá (santa María),
Concello de Lourenzá.

Protección

O Castro de Flores está incluído no **catálogo** das **Normas subsidiarias de planeamento** do Concello de Lourenzá (aprobadas o 31.01.1995), polo que, conforme a disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, forma **parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia** e, segundo o artigo 54 da Lei 8/1995, calquera intervención que o afecte, deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura e Deporte.

Así mesmo, constata que no “outeiro” se está explotando “actualmente” unha canteira:

Feitos constatados no transcurso da inspección

O lugar onde se atoparon os materiais sitúase dun outeiro actualmente explotado como canteira, de tal xeito que o terreo presenta un alto grao de alteración; por este motivo na inspección da zona non me foi posible identificar ningún tipo de estrutura arqueolóxica visible en superficie.



Vista da canteira desde o cumio do outeiro: á esquerda, o lugar dos achados arqueolóxicos

(Ver anexo ortofotografías Google para comprobar a veracidade desta información)

Nun informe realizado no 2010 que puidemos consultar no Servizo de Arqueoloxía de Santiago, recóllese: “ o aproveitamento mineiro da área de ocupación dos dous elementos indicados como canteira, ocasionou practicamente a súa total destrución, sen que conste a realización de ningunha actuación arqueolóxica previa”:

Clave	Nome	Localización	Nº Plano 1:5.000	Documentación Gráfica
		U.T.M. X: 435489 82 Y: 4813147 Z: 273 m.s.n.m	24-35	
		<p>Descrición</p> <p>De acordo cos datos da súa ficha de inventario da DXPC do ano 1991, na súa superficie non se observaba nada destacable, aínda que a súa situación fai pensar nun xacemento de carácter defensivo. Segundo os veciños no lugar en concreto fálanse da existencia dun mosteiro, e tamén dunha cerca de pedra circular denominada croa. A existencia dun mosteiro parece estar avalada a parte de polo topónimo pola presenza dunha capela tal e como se recolle no Catastro do Marqués de la Ensenada de mediados do S. XVIII.</p> <p>Así mesmo, é moi posible que no lugar en cuestión existe con anterioridade un xacemento castrexo tal e como o confirma o achado de materias arqueolóxicas hai poucos anos, recollido polo Servizo de Arqueoloxía municipal.</p> <p>Aínda así, o topónimo alusivo a un asentamento castrexo ou castro de Flores-GA20012012 localízase na elevación culminante da zona, a uns 150 m ao SW.</p> <p>Por outra parte subliñar que o aproveitamento mineiro da área de ocupación dos dous elementos indicados como canteira, ocasionou practicamente a súa total destrución, sen que conste a realización de ningunha actuación arqueolóxica previa tendente a minimizar a alteración de orde crítica provocada na zona.</p>		
CMV10-42	Monte da Trinidad-GA2702012 (Loureira)			<p>Estado actual da área de ocupación do xacemento</p> <p>Outra vista desde o SW</p> <p>Planimetría de detalle da área de ocupación do elemento e entorno. En cor máis clara a delimitación do xacemento feita polo concello</p>

Continuante da zona, a uns 150 m do SW.
Por outra parte subliñar que o aproveitamento mineiro da área de ocupación dos dous elementos indicados como canteira, ocasionou practicamente a súa total destrución, sen que conste a realización de ningunha actuación arqueolóxica previa tendente a minimizar a alteración de orde crítica provocada na zona.

Tamén se pode ver neste informe unha imaxe do estado actual da área de ocupación do xacemento:



En Xaneiro de 2016 a Asociación Nacional Española de Fabricantes de Hormigón Preparado denuncia a existencia dunha planta de formigón na canteira do Monte da Trindade; entre outras cuestións, denuncia que esta planta afecta o xacemento catalogado do Castro de Flores:

m². Actualmente se encuentra trabajando fuera de la autorización.

Además, ha invadido el perímetro de protección de los yacimientos arqueológicos colindantes (Castro de Flores –GA27030022); donde existe un castro celta catalogado.

3º) La actividad industrial acabada de describir viene considerándose por la totalidad de

O 22 de febreiro de 2016 a arquitecta municipal de Mondoñedo, Marta Candocia, como consecuencia da denuncia dos fabricantes de formigón, elabora un informe no que queda patente que a canteira afecta os terreos onde está inventariado o xacemento:

Según establece el artículo 32.2 h) de la ley 9/2002 el suelo rústico especialmente protegido estará constituido por los terrenos con interés patrimonial, que estén contemplados en el planeamiento o en la legislación sectorial que les sea de aplicación. En el caso que nos atañe la cantera está situada sobre terrenos en los que se encuentra inventariado un yacimiento arqueológico: El Castro de la Trinidad, GA 27030022, por lo tanto este suelo deberá ser considerado como SUELO RUSTICO DE PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO CULTURAL

O 9 de marzo de 2016 no informe do arqueólogo do Servizo de Patrimonio de Lugo, Ignacio Jaime Senín Fernández, podemos ler:

Resultados das inspeccións

Compre puntualizar que a fichas do preinventario da DXPC de ambos bens, ambas redactadas no ano, 1991, conteñen unha caracterización moi breve, xenérica e ambigua destes. Para o *Monte da Trinidad*, o texto da ficha di que "En superficie non se observa nada...." e para o *Castro de Flores*, afirma que "Por mor do seu emprego como canteira non queda caseque nada do xacemento". Polo tanto, semella que as probas para determina-la existencia de ambos elementos non son moi seguras.

Como se pode observar, segundo Ignacio Senín, na ficha de 1991 dise que: *"En superficie non se observa nada..."*, mais o informe doutro arqueólogo sobre a mesma ficha recolle de forma máis completa a información:

De acordo cos datos da súa ficha de inventario da DXPC do ano 1991, na súa superficie non se observaba nada destacable, aínda que a súa situación fai pensar nun xacemento de carácter defensivo. Segundo os veciños no lugar en concreto fálase da existencia dun mosteiro, e tamén

Isto fainos pensar que a frase sen rematar do informe de Ignacio Senín podería ser tendenciosa. No mesmo informe lemos que case non queda xacemento por mor da canteira pero, segundo os datos dos que dispoñemos, a canteira antiga estaría fóra do xacemento.

Así mesmo, o arqueólogo Ignacio Senín, baseándose na suposta información das fichas do 1991, di que as probas para determinar a existencia do castro non son moi seguras, obviando a información que podemos atopar sobre a súa existencia en:

- A tese doutoral do arqueólogo Abel Vigo.
- O informe do arqueólogo Simón Pena Basso.
- A ficha do 2010.
- O informe do arqueólogo da empresa de arqueoloxía *Terra Arqueo*.
- O informe arqueolóxico para a Autovía do Cantábrico (A-8).
- O informe arqueolóxico do Gaseoducto Ribadeo – Vilalba.
- PXOM de Mondoñedo.

No mesmo informe de Ignacio Senín (lémbrese que é de 2016) fálase de que nunha inspección realizada en 2008 atopou un fragmento de cerámica, que non puido datar nin adscribir culturalmente:

1 Xacemento Monte da Trínidade (GA27030022)

Con data do 15.02.2008, xa fixera unha inspección do *Monte da Trínidade* e non observei indicios de estruturas arqueolóxicas visibles; á beira dunha pista atopei en superficie un anaco de cerámica ao cal, polas súas características, non me foi posible darlle unha adscripción cronolóxico – cultural concreta.

Pola súa banda, o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, tiña remitido a Patrimonio un informe coa adscripción cronolóxico–cultural concreta da cerámica atopada neste sitio arqueolóxico durante unha inspección realizada no ano 2008:



Excmo. Concello de Mondoñedo
Praza do Concello, 1
27740 Lugo
Telf. 982 52 40 03
Fax. 982 50 74 21

A cerámica recuperada é de produción local. Está feita a torno de alta velocidade e non se constatan vidrados. As pastas presentan desgrasantes micáceos.

A cultura material recuperada parece adscribirse á cultura castrexa polos paralelismos documentados na zona: Castro de Zoñán.

Como breves comentarios podemos indicar que o borde indicado co número 1 na imaxe anterior trátase dun pequeno potiño cun diámetro de 5cm

A peza indicada co número 1 podemos encadrala na seguinte idea de perfil (exemplos tomados de entre as escudelas do Castro de Zoñán)

Por último indicar que a peza indicada co número 6 presenta unha retícula bruñida. Os As decoracións incisas lineais son típicas da zona para a época castrexa e as retículas bruñidas son un exemplo bastante abondoso.

Informe Abel Vigo 2008

Remítase o informe á Dirección Xeral de Patrimonio á espera de resposta e recoméndase parar a actividade na zona en cuestión á espera do ditame da Dirección Xeral

Informe Abel Vigo

Nesta inspección do castro da Trindade-Flores, realizada en 2008 por Abel Vigo, atopouse tamén un excepcional machado votivo de bronce, que foi unha das pezas arqueolóxicas máis importantes das que se atoparon en Galicia nese ano. O machado é unha peza de sobra coñecida por todo o mundo da arqueoloxía e, evidentemente, non puido pasarlle desapercibida ao Servizo de Patrimonio de Lugo.

O Machado, como se ve na fotografía, ten representado un torques, que sitúa o xacemento nunha cronoloxía e nunha cultura moi concretas



Neste mesmo informe Ignacio Senín asegura que as antigas remocións de terras de grande porte dunha canteira abandonada son os causantes da destrución patrimonial:

2. Castro de Flores (GA27027012)

Comprobo que o outeiro no que se situaría, está totalmente escavado e baleirado por unha antiga remoción de terras de grande porte, que correspondería a unha canteira hoxe abandonada: este feito é coherente co mencionado na ficha do ano 1991. Ao pé do sector sur

(Ver anexo ortofotografías para comprobar a falsidade destas afirmacións)

Lembremos que Ignacio Senín no informe do 2008 sostíña que o “outeiro” sobre o que se asenta o castro:

Feitos constatados no transcurso da inspección

O lugar onde se atoparon os materiais sitúase dun outeiro actualmente explotado como canteira, de tal xeito que o terreo presenta un alto grao de alteración; por este motivo na inspección da zona non me foi posible identificar ningún tipo de estrutura arqueolóxica visible en superficie.



Vista da canteira desde o cumio do outeiro: á esquerda, o lugar dos achados arqueolóxicos

Polo tanto, para o arqueólogo da Xunta en 2008 o outeiro estaba sendo explotado naquel momento como canteira e en 2016 fala de antigas remocións de terras, nunha canteira hoxe abandonada. A canteira non está abandonada e oito anos non a converten en antiga.

Ignacio Senín recolle tamén no seu informe que non ve nin parapetos nin foxos nin estruturas arqueolóxicas; algo, por outra parte, esperable nun xacemento que está sendo explotado como canteira:

No transcurso da prospección feita en 2016, dunha ampla área, non vexo indicios de ningunha estrutura arqueolóxica visible en superficie (como parapetos ou foxos), nin restos arqueolóxicos móbiles. En consecuencia, conclúo que non teño elementos de xuízo determinantes para caracterizar xa a existencia dun xacemento arqueolóxico nesta zona.

Tampouco ve o técnico de Patrimonio as remocións de terra actuais (2016), e por iso non as menciona nos informes arqueolóxicos. Non as ve nin as menciona, pero si as fotografía e mesmo utiliza a imaxe para ilustrar un informe no que se di que a destrución do xacemento é antiga:

(antiga pero que conserva as rodeiras da maquinaria)



Día 24.02.2016: panorámica do Monte da Trindade

Por último, no seu informe o arqueólogo Ignacio Senín propón excluír o xacemento do preinventario, sabendo que está inventariado e catalogado:

Conclusións e medidas a adoptar

Por todo o anteriormente exposto, considero que hai elementos de xuízo suficientes para propoñer a exclusión de ambos elementos do preinventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Remítirase este informe coa proposta de exclusión ao Servizo de Arqueoloxía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, en Santiago de Compostela, co fin de que dispoña de información actualizada para a tramitación de calquera expediente administrativo relacionado co patrimonio arqueolóxico deses termos municipais.

O 11 de marzo de 2016 a xefa do Servizo de Patrimonio de Lugo, Ana Carril, coincide con Ignacio Senín na proposta de excluír o xacemento do preinventario, cando sabe que este ben está catalogado dende 1995. A xefa do Servizo de Patrimonio tamén sabe que non é igual de sinxelo excluír un ben patrimonial do preinventario que excluír un ben Catalogado e, sobre todo, sabe que non hai os mesmos prazos.

Malia a que a inclusión do castro da Trindade/Flores no PXOM de Mondoñedo foi revisado e aprobado pola DXPC, Ana Carril considera oportuno que se proceda á exclusión do xacemento do PXOM de Mondoñedo a tan só tres meses de ser aprobado de forma definitiva. Exclusión que, sen dúbida, sería ben acollida polos propietarios da canteira e que legalizaría a posible destrución do castro:

[SAIDA Nº]

Asunto: proposta de exclusión de dous elementos do preinventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Elementos: *xacemento Monte da Trindade (GA27030022), Castro de Flores (GA 27027012)*

Emprazamento: Monte da Trindade, parroquia de Vilamor (santa María) Concello de Mondoñedo. Lugar de Arroxo, parroquia de Lourenzá (santa María), Concello de Lourenzá (Lugo)


Expediente: **11705.3**


A raíz dunha denuncia tramitada no Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura en Lugo, os días 24 de febreiro, 2 e 9 de marzo de 2016; un técnico deste Servizo e o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo García, fixeron unhas prospeccións da zona na cal o preinventario da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, localiza os elementos denominados *xacemento Monte da Trindade (GA27030022) e Castro de Flores (GA 27027012).*

Como resultado desas inspeccións, redactouse informe no cal se propón a exclusión de ambos elementos do preinventario da DXPC. Polo tanto, achegámoslle unha copia dese informe, co fin de que dispoñan de información actualizada para a tramitación de calquera expediente administrativo relacionado co patrimonio arqueolóxico do Concello de Mondoñedo; considérase oportuno que procedan á exclusión do *xacemento Monte da Trindade (GA27030022), do Plan xeral de ordenación municipal dese Concello, actualmente en fase de tramitación.*

Lugo, 11 de marzo de 2016

A xefa do Servizo de Patrimonio Cultural


Ana María Carril Cuesta



Malia o intento do Servizo de Patrimonio de Lugo para que o xacemento non fose incluído no PXOM de Mondoñedo, a súa solicitude non foi atendida, e o 13 de xuño de 2016 aprobouse o PXOM no que aparece catalogado o Castro da Trindade:



DOG Núm. 191 Xoves, 6 de outubro de 2016 Páx. 45965

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ORDE do 13 de xuño de 2016 de aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Mondoñedo (Lugo).

O Concello de Mondoñedo remite o documento do plan xeral de ordenación municipal solicitando a súa aprobación definitiva, conforme o previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUG).

[Escoutar](#)

GA 27030021	Castro de Masma; Castro, Castro do Outeiro
GA 27030022	Trindade; Monte da Trindade, Castro da Trindade
GA 27030023	Medorra de Lindín
GA 27030026	Abrigo da Pena da Capela
GA 27030027	Castro de Masma: A Valiña
GA 27030028	Castro de Trigás
GA 27030029	Convento en Lindín
GA 27030030	Os Castelos, Castelos
GA 27030031	Os Castros da Couboeira
GA 27030032	Túmulo do Monte da Cruz
GA 27030033	Necrópole de Combarro
GA 27030034	Menhir da Toxiza

O 27 de xaneiro de 2017 ADEGA denuncia na Consellería de Economía, Emprego e Industria a situación ilegal da canteira, que está afectando a un Ben Patrimonial protexido.

31 de marzo de 2017 .

En resposta a esta denuncia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria responde que a empresa achega evidencias de que o castro está proposto para a súa exclusión do preinventario da DXPC, arquivando así a denuncia e permitindo que continúen os movementos de terras nun xacemento catalogado polo concello de Lourenzá dende 1995 e catalogado tamén polo concello de Mondoñedo dende o 13 de xuño de 2016:

recoller no seu anexo (Resultado das consultas realizadas sobre o impacto ambiental do proxecto) que a Delegación Provincial da Consellería de Cultura informa favorablemente o devandito proxecto en tanto os traballos proxectados non afectan a xacementos arqueolóxicos "inventariados" na zona. Polo tanto se nada indicou no dito documento o órgano patrimonial en relación cos elementos recollidos no seu escrito de denuncia, nin nada reflectiu a ese respecto o órgano ambiental na DEA, ningunha tarefa de vixilancia ambiental correspondía desenvolver o órgano mineiro respecto deles.

Sentado o anterior e de acordo coa documentación achegada pola empresa, no correspondente trámite de alegacións á súa denuncia, evidénciase que dende o 11 de marzo de 2016 o xacemento Monte da Trinidad (GA27030022) está proposto para a exclusión do "preinventario" da DXPC (non estaba logo inventariado) e do Plan Xeral de ordenación municipal do Concello de Mondonedo. A proposta de exclusión refírese, así mesmo ao "Castro das Flores" (GA 27027012).

O 21 de febreiro de 2017 Mariña Patrimonio presenta unha nova denuncia perante a DXPC ao considerar que os traballos da canteira poderían estar danando gravemente este xacemento arqueolóxico catalogado.

Segundo a información da que dispoñemos, a día de hoxe a canteira continúa destruindo este xacemento, sen que haxa ningunha actuación por parte da administración competente.

A Mariña, maio de 2018


Anexo

Fotografías aéreas / Ortofotografía

Para delimitar nas ortofotografías a superficie e a zona de protección do castro Trinidad–Flores, empregamos os datos gráficos do PXOM de Mondoñedo, por seren datos revisados e aprobados pola Dirección Xeral de Patrimonio:




PXOM de Mondoñedo




Datos gráficos do PXOM de Mondoñedo

Sobre a ortofotografía de Google e a imaxe do Catastro engadimos capa cos datos gráficos do PXOM:

- Liña vermella, contorno do castro catalogado.
- Liña azul, contorno da zona de protección.



Ortofotografía de Google coa delimitación do PXOM de Mondoñedo



Imaxe do Catastro

Ortofotografías históricas

Ortofotografías do ano 1956 – 1957

Na imaxe do 56 marcamos con círculo vermello a ubicación do castro. Nel vemos que non hai ningún tipo de afectación que poidamos identificar como unha mina ou canteira.

Fóra do xacemento, no lugar marcado con frecha vermella, si vemos unha canteira que ocupa unha pequena superficie:




Ortofotografías ano 1956

Ortofotografía do ano 1973 – 1986

Nesta imaxe tampouco se observa a existencia de canteiras que afecten a zona do círculo vermello, onde se atopa o castro.

A frecha vermella indícanos onde se atopa a antiga canteira que, como se pode observar, está fóra da zona protexida:



Fotograma: PNOA-H_V-INTERM_1973-86_18k_ES_comp_PAN_15mic



Detalle da pequena canteira, que non afectou a zona protexida.

Nun informe do ano 2016 o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, sitúa perfectamente a pequena canteira, que coincide totalmente co que se ve nas imaxes do 1956 / 57 e as do 1973 / 86:

Mapa LIDAR da zona.

Triángulo: zona de materiais do ano 2008, catálogo Monte de Trinidad (GA27030022).

Círculo: zona catalogada como Castro de Flores (GA27027012)

Frecha vermella orientada norte-sur: sinala a localización da antiga canteira.

Frechas brancas orientadas oeste-leste: sinala os taludes que se limparon e que resultaron ser restos de entullo da canteira vella (talude máis ao norte ou talude norte e talude máis ao sur ou talude sur, para a nomenclatura das imaxes a seguir).




Ortofotografías Google 2001, 2002, 2006

2001

Na ortofotografía do 2001 vese como a canteira chegou á área de protección do castro (liña azul) e mesmo invade xa unha parte do castro (liña vermella):



Coloreado de vermello a parte comida ao castro en 2001




2002

O avance da canteira continúa e no 2002 obsérvase outra incursión no xacemento (coloreado na segunda imaxe de azul):



2006

Na imaxe do 2006 pódese comprobar unha pequena incursión, que coloreamos de verde na segunda imaxe:



Ortofotografias Google 2013

2013

Na ortofotografia do 2013 observamos como case a totalidade do xacemento protexido foi invadido pola canteira.

(Coloreamos de lila a zona invadida pola canteira dende o 2006 ata o 2013)

